



## BANDO SOBRE AS CACHARELAS DA NOITE DO SAN XOÁN 2019

Con motivo da tradicional e arraigada festa do San Xoán, co obxecto de previr calquera tipo de incidente e garantir unhas condicións de limpeza e hixiene axeitadas dos espazos públicos para que ao día seguinte estean en perfectas condicións, esta Alcaldía establece as seguintes normas para celebrar as cacharelas do San Xoán do ano 2019 o próximo 23 de xuño pola noite:

### SOLICITUDES

As persoas, asociacións, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude correspondente no Concello de Rois **antes das 14.00 HORAS DO XOVES 20 DE XUÑO DE 2019**, sinalando nome, enderezo, teléfono e/ou enderezo electrónico e presentando fotocopia do DNI das persoas responsables, con indicación clara do lugar de celebración, tipo de cacharela (fogueira, sardiñada etc.) e características do terreo onde se pretende realizar (terra, asfalto, formigón, beirarrúa etc.).

### MEDIDAS PREVENTIVAS

- Haberá sempre xente ao carón do lume, que se fará pola noite.
- As persoas responsables da organización deberán ter á man mangueras de auga ou calquera outro medio adecuado para a extinción do lume.
- A faixa perimetral ao lume ha de estar despexada de elementos que poidan facilitar a súa propagación. Non se poderán acender as fogueiras a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo, nin a menos de 50 metros das árbores.
- A morea de materiais que formen a cacharela non poderá exceder os 3 metros de altura.
- Non se abandonará a vixilancia da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

### OUTRAS MEDIDAS/CONDICIÓN

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos..., debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.
- Fogueiras sobre pavimentos en zonas urbanas. Excepcionalmente permitirase facer a cacharela sobre pavimentos en zonas urbanas (asfaltado, empedrado etc.), sempre e cando se coloque sobre unha chapa metálica protectora ou sobre unha capa de area de polo menos 10 centímetros.
- Están prohibidas as fogueiras na praia fluvial ou nos espazos naturais protexidos.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento da fogueira e/ou sardiñada, nun prazo máximo de 12 horas despois de rematada.

### AUTORIZACIÓN

**Entenderanse autorizadas as cacharelas solicitadas se non media denegación expresa previa á data da celebración, e sempre e cando se cumpran as condicións e normas sinaladas neste Bando.**

### RESPONSABILIDADES

A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas que tivesen lugar no caso de que a persoa solicitante concorra en negligencia ou imprudencia.



### REVOGACIÓNS

Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

### OBSERVACIÓNS

Non son obxecto de regulación por este Bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais cuxa competencia lle corresponde á Consellería do Medio Rural. Sucede moitas veces que, estando os permisos suspendidos, algunhas persoas aproveitan as cacharelas do San Xoán para a queima deste tipo de materiais, pero estes feitos son motivo de denuncia.

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo GES de Padrón, a Policía Local, bombeiros e/ou axentes forestais do Distrito IV, que darán conta das incidencias ou infraccións detectadas.

### NORMATIVA

-Decreto 105/2006, de 22 de xullo, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

-Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Rois, 6 de xuño de 2019

O alcalde

Ramón Tojo Lens

